

PROGRAMA AXUDAS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN E ÁS VIVENDAS DO PLAN ESTATAL PARA O ACCESO Á VIVENDA 2022-2025

PREGUNTAS FRECUENTES

Normativa: Resolución do 23 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025 e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, con carácter plurianual (código de procedemento VI435B).DOG núm.189, do 4 de outubro de 2022

A) ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- 1) **¿Para que vivendas se pode solicitar a axuda da mellora da accesibilidade?**

Resposta: Vivendas unifamiliares, edificios de tipoloxía residencial colectiva e as vivendas situadas en estes edificios.

- 2) **¿En qué data deben estar terminadas as vivendas que queiran optar ás subvención?**

Resposta: As vivendas unifamiliares, illadas ou agrupadas en fila, os edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva e as vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva para os que se solicite a axuda deste programa deben estar rematadas antes de 2006.

Non se exixirá este requisito no suposto de que na vivenda ou no edificio habiten persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

- 3) **¿Cales son as contías de subvención?**



Resposta: A contía máxima das axudas non poderá superar os seguintes límites:

a) 12.500 euros por vivenda cando se solicite para actuacións correspondentes a vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila.

Esta axuda poderá incrementarse ata 15.000 euros por vivenda se reside unha persoa con discapacidade e ata 18.000 euros por vivenda se esta acredita un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

b) 9.000 euros por vivenda e 90 euros por metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos compatibles cando se solicite para actuacións correspondentes a edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva.

Esta axuda poderá incrementarse ata 15.000 euros por vivenda se reside no edificio unha persoa con discapacidade e ata 18.000 euros por vivenda se esta acredita un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

c) 6.000 euros por vivenda cando se solicita para actuacións correspondentes a vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva.

Esta axuda poderá incrementarse ata 15.000 euros por vivenda se reside unha persoa con discapacidade e ata 18.000 euros por vivenda se esta acredita un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

d) O 60 % do custo da actuación.

Esta porcentaxe poderá incrementarse ata o 80 % se na vivenda ou unha das persoas que reside no edificio sexa unha persoa con discapacidade ou maior de 65 anos.

O límite unitario das axudas establecido nas letras a), b) e c) poderá ser incrementado en 3.000 euros máis por vivenda en edificios ou vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que contén con algún nivel de protección no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

4) **¿É actuación subvencionable o cambio da bañeira por unha ducha aínda que na vivenda non viva unha persoa con discapacidade?**

Resposta: Si, é unha actuación subvencionable de conformidade co ordinal 7º h) da Resolución do 23 de setembro de 2022, "Calquera intervención que facilite a accesibilidade universal nos espazos do interior das vivendas (unifamiliares, agrupadas en fila ou en edificios de tipoloxía residencial colectiva) ou nos propios edificios de tipoloxía residencial colectiva obxecto deste programa, así como nas súas vías de evacuación. Inclúense obras dirixidas á ampliación de espazos de



circulación dentro da vivenda que cumpran coas condicións do Código técnico da edificación no referido a vivenda accesible, así como para mellorar as condicións de accesibilidade en baños e cociñas, así como as modificacións e adaptacións necesarias e adecuadas ás necesidades específicas das persoas con discapacidade que habitan as vivendas. Inclúense, así mesmo, as obras necesarias e complementarias sobre elementos directamente relacionados coa actuación de mellora de accesibilidade universal e cuxo mal estado de conservación aconselle a intervención."

5) **¿Como se xustifica que unha persoa está confinada dentro dunha vivenda?**

Resposta: A letra c) do punto 2) do ordinal sexto contempla, para os edificios de tipoloxía residencial colectiva, como excepción do requisito de que "polo menos, o 30 % das vivendas constitúan o domicilio habitual dos seus propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios no momento de solicitar as axudas deste programa", o suposto de que "se trate dun inmovible onde se encontre o domicilio habitual dunha persoa con discapacidade física que, debido á falta de accesibilidade nas zonas comúns, se encontre confinada na súa vivenda".

A acreditación do confinamento exixirá, ademais do certificado ou volante de empadramento, a xustificación da discapacidade física por calquera documento de carácter social ou médico, (certificado de grao de discapacidade, xustificante médico, informe social, etc).

6) **Se no edificio ten a súa residencia habitual e permanente unha persoa con discapacidade, ¿a axuda incrementase só respecto desa vivenda?**

Resposta: Non. Se no edificio ten a súa residencia habitual e permanente, é dicir, está empadroada unha persoa con discapacidade, as contías incrementadas da axuda aplicaranse a todas as vivendas do edificio, nos termos establecidos no ordinal oitavo.

7) **Un edificio de 3 plantas con 3 vivendas (unha por planta) pero son do mesmo propietario, ¿pode beneficiarse das axudas de accesibilidade? No caso afirmativo, ¿considérase un único beneficiario ou axuda é por vivenda?**



Resposta: Neste caso dependerá de se hai escritura de división horizontal e de se é unha única referencia catastral ou ten 3 distintas. Se non hai división horizontal e so teñen unha referencia catastral, considérase unha vivenda e non un edificio.

- 8) **Como a vivenda está a nome de 2 persoas ao 50%, ¿cada unha tería que solicitar a súa parte ou pode facelo unha delas en nome e representación de ambas partes?**

Resposta: Se ambas son copropietarias dunha vivenda unifamiliar ou dunha vivenda incluídas nun edificio de tipoloxía residencial de vivenda colectiva, pode solicitar a axuda unha delas co consentimento da outra, ou ambas nunha única solicitude, pero non se poden presentar dúas solicitudes para a mesma vivenda.

- 9) **¿É actuación subvencionable a substitución dun ascensor existente?**

Resposta: Si, é unha actuación subvencionable de conformidade co ordinal 7º i) da Resolución do 23 de setembro de 2022, "Calquera intervención que mellore o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-SUA, Seguridade de utilización e accesibilidade. En particular a instalación de elementos que melloren a accesibilidade e seguridade de utilización nos ascensores, como a mellora da nivelación da cabina."

- 10) **Quero realizar actuacións de mellora da accesibilidade na miña segunda residencia. ¿Podo solicitar a subvención polo procedemento VI435B?**

Resposta: Non. Tanto as vivendas unifamiliares, illadas ou agrupadas en fila, como as vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva para as que se solicite de forma independente a axuda deste programa, deben constituír o domicilio habitual e permanente dos seus propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios no momento de solicitar acollerse ás axudas.



- 11) **Son unha persoa propietaria dun edificio de 4 vivendas no que quero facer obras de mellora da accesibilidade para podelas alugar. Podería solicitar a axuda?**

Resposta: En principio, non podería solicitala porque se están todas inhabitadas non se cumpre o requisito fixado no punto 2 letra c) do ordinal sexto da Resolución.

- 12) **¿Constitúen un custo subvencionable o IVE e as taxas por expedición de licenzas? ¿Poden incluírse no orzamento base para o cálculo da subvención?**

Resposta: Si, de acordo co punto 3 do ordinal oitavo da Resolución do 23 de setembro de 2022, que establece que " O custo das actuacións subvencionables poderá incluír os honorarios dos profesionais intervinientes, o custo da redacción dos proxectos de ser o caso, informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e tributos, sempre que todos eles estean debidamente xustificados."

B) **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE**

- 1) **¿ Que documentación hai que achegar?**

Resposta: A documentación que hai que achegar coa solicitude ven definida na resolución que convoca as axudas no ordinal décimo.

- 2) **¿Quen ten que cubrir os anexos II?**

Resposta: Os anexos II deben cubrirse por todas as persoas que residan na vivenda (unidade de convivencia) con independencia da súa relación familiar.

- 3) **En relación co Anexo II, se o espazo non é suficiente para relacionar todas as persoas integrantes da unidade de convivencia.**



Resposta: Cumprimentaranse tantas segundas follas do dito anexo como sexan necesarias para incluír a todos os integrantes da dita unidade de convivencia.

Se a unidade de convivencia está integrada por distintas unidades familiares, se cumprimentarán tantos anexos II como unidades familiares compoñan a unidade de convivencia que habitan na vivenda.

ADVERTENCIA IMPORTANTE PARA TODAS AS PERSOAS OU ENTIDADES QUE SOLICITEN A AXUDA

As solicitudes tramítanse e resolven por orde de presentación no rexistro, sempre que a solicitude e a documentación estean completas e ata o esgotamento do crédito orzamentario. Polo tanto deberá entenderse como data de presentación cando se dispoña de toda a documentación exixida.